

NUM-CONSULTA: V0002-23

ÓRGANO: SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO

DATA DE SAÍDA: 08.11.2023

NORMATIVA:

Artigo 14. Catro do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo (en diante TRTCG).

DESCRIBIÓN-FEITOS:

A consultante, maior de 65 anos, é titular dunha oficina de farmacia en Galicia dende o ano 1991. Ten intención de transmitir mediante pacto sucesorio ou doazón un 66% da mesma a dous fillos, constituíndo una sociedade civil para a explotación da mesma, de maneira que a porcentaxe de participación de cada un alcanzaría un 33%. Na sociedade civil ostentarán a representación e administración os tres de xeito solidario, sen ningún tipo de retribución específica por este concepto. Actualmente a actividade exercece de maneira habitual, persoal e directa pola consultante e constitúe a súa principal fonte de renda.

CUESTIÓN FORMULADA:

Posibilidade de aplicar a redución do 99% no valor da oficina de farmacia previsto no artigo 8 do Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, á transmisión parcial do negocio atendendo aos datos expostos.

CONTESTACIÓN COMPLETA:

En virtude das competencias atribuídas polo apartado 2.3 do artigo 5 do Decreto 113/2022, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, indícolle que a súa consulta está relacionada coas seguintes disposicións legais:

1. Artigo 8. Catro do TRTCG:

“Nos casos de transmisión de participacións inter vivos dunha empresa individual ou dun negocio profesional ou de participacións en entidades, aplicarase unha redución na base imponible, para determinar a base liquidable, do 99 % do valor de adquisición, sempre que concorran as seguintes condicións:

- a) Que a persoa doadora teña 65 anos ou máis ou se encontre en situación de incapacidade permanente en grao de absoluta ou grande invalidez.
- b) Que, se a persoa doadora vén exercendo funcións de dirección, deixe de exercer e percibir remuneracións polo exercicio das devanditas funcións no prazo dun ano desde o momento da transmisión.

Para estes efectos, non se entenderá comprendida entre as funcións de dirección a mera pertenza ao consello de administración da sociedade.

- c) Que o centro principal de xestión da empresa ou do negocio profesional, ou o domicilio fiscal da entidade, se atope situado en Galicia e que se manteña durante os cinco anos seguintes á data da devindicación do imposto.

- d) Que, na data de devindicación do imposto, á empresa individual, ao negocio profesional ou ás participacións lles sexa aplicable a exención regulada no número 8 do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio. Para estes efectos, a participación do suxeito pasivo no capital da entidade debe ser:

d.1) Con carácter xeral, do 50 % como mínimo, xa sexa de forma individual ou conxuntamente co seu cónxuxe, ascendentes, descendentes ou colaterais de ata o sexto grao, xa teña a súa orixe o parentesco na consanguinidade, na afinidade ou na adopción.

d.2) Do 5 % computado de forma individual, ou do 20 % conxuntamente co seu cónxuxe, ascendentes, descendentes ou colaterais de ata o sexto grao, xa teña a súa orixe o parentesco na consanguinidade, na afinidade ou na adopción, cando se trate de participacións en entidades que teñan a consideración de empresas de

reducida dimensión de acordo co disposto no artigo 101 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.

No caso de que tan só se teña dereito parcial á exención regulada no número 8 do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, tamén será de aplicación, na mesma proporción, esta redución.

e) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados e colaterais, por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive, da persoa doadora.

f) Que a persoa adquirente manteña o adquirido e cumpra os requisitos da exención do imposto sobre o patrimonio durante os cinco anos seguintes á devindicación do imposto de acordo co establecido nas alíneas anteriores deste artigo, excepto que dentro do devandito prazo faleza a persoa adquirente ou transmita a adquisición en virtude de pacto sucesorio conforme o previsto na Lei de dereito civil de Galicia. No suposto de que a persoa doadora non deixar de exercer e percibir remuneracións polo exercicio das funcións de dirección no prazo do ano a que se refire a letra b) non será tida en conta para determinar o grupo de parentesco para os efectos do cumprimento na persoa adquirente dos requisitos de exercicio de funcións directivas e remuneracións polo devandito exercicio.

g) Que a empresa individual ou a entidade viñese exercendo efectivamente as actividades do seu obxecto social durante un período superior aos dous anos anteriores á devindicación do imposto.”

2. Artigo 8. Seis do TRTCG:

“No caso dos feitos impositivos recollidos na alínea a) do artigo 3.1 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, nos cales non se produza o falecemento do transmitente, os requisitos para a aplicación da redución pola adquisición de bens e dereitos afectos a unha actividade económica, de participacións en entidades e de explotacións agrarias serán os establecidos para as adquisicións inter vivos.”

3. Artigo 23 do TRTCG:

“Un. Os beneficios fiscais que dependan do cumprimento polo contribuínte de calquera requisito nun momento posterior ao devindicación non se aplicarán de oficio, deberán solicitarse expresamente polo contribuínte no período

reglamentario de presentación da declaración do imposto, e practícaranse os devanditos beneficios fiscais na correspondente autoliquidación.

No caso de declaración extemporánea sen requirimento previo, a solicitude deberá realizarse na presentación da declaración, e practícaranse os devanditos beneficios fiscais na correspondente autoliquidación.

No suposto de que na autoliquidación presentada non se aplicasen os citados beneficios fiscais, non poderá rectificarse con posterioridade en canto á aplicación do beneficio fiscal, agás que a solicitude de rectificación se presentase no período regulamentario de declaración.

A falta de solicitude do beneficio fiscal dentro do prazo regulamentario de declaración ou a falta da súa aplicación na autoliquidación entenderase como unha renuncia á súa aplicación.

Dous. En caso de incumprimento dos requisitos que haxa que cumprir con posterioridade á devindicación do imposto, deberá ingresarse a cantidade derivada do beneficio fiscal xunto cos xuros de mora. Para estes efectos, o suxeito pasivo deberá practicar a correspondente autoliquidación e presentala no prazo sinalado na norma que regula o beneficio fiscal, contado desde o momento en que se incumpran os requisitos. Cando a norma que regula o beneficio fiscal non estableza un prazo, o ingreso e a presentación da autoliquidación faranse dentro do prazo regulamentario de declaración establecido nas normas reguladoras de cada tributo.”

4. Artigo 55.2.a) da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de Autonomía e modifícanse determinadas normas tributarias:

“2. Non son obxecto de delegación as seguintes competencias:

- a) A contestación das consultas reguladas nos artigos 88 e 89 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, salvo no que se refira á aplicación das disposicións ditadas pola Comunidade Autónoma no exercicio das súas competencias”.

Con base nas disposicións citadas, e acerca da consulta formulada infórmolle que:

Respecto da posibilidade de aplicar a redución prevista no artigo 8. Catro do TRTCG, sinálolle que dita redución trátase dun beneficio fiscal non aplicable de oficio, polo que a persoa suxeito pasivo deberá solicitalo expresamente conforme ao establecido no artigo 23 do mencionado texto normativo, é dicir, no período regulamentario de presentación da declaración do imposto, practicándose os devanditos beneficios fiscais na correspondente autoliquidación.

En orde ao cumprimento dos requisitos legalmente esixibles para a aplicación do beneficio obxecto da consulta, debe sinalarse que os requisitos fixados no artigo 8. Catro do TRTCG constitúense nunha serie de condicións que deben concorrer simultánea e acumulativamente, o que implica que para ter dereito á redución deberán cumprirse todos e cada un dos previstos no citado precepto.

Conforme á información facilitada no escrito, apreciase o cumprimento dos requisitos establecidos nas letras a), b), e) e g) do artigo 8. Catro do TRTCG.

Respecto do requisito da letra c) de dito artigo, sinalar a esixencia de que o centro principal de xestión ou domicilio fiscal non so se sitúe en Galicia senón que tamén debe manterse durante os 5 anos seguintes á data de devindicación do imposto.

En canto ó requisito da letra d), fai remisión ao artigo 4.Oito da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, que é unha norma estatal. A emisión de consultas vinculantes sobre normas estatais queda fóra das competencias atribuídas a este centro directivo, conforme ao disposto no artigo 55.2.a) da Lei 22/2009, que subtrae das competencias delegadas na Comunidade Autónoma a contestación das consultas reguladas nos artigos 88 e 89 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, salvo no que se refira á aplicación das disposicións ditadas pola Comunidade Autónoma no exercicio das súas competencias. Por tanto este centro directivo non pode dar contestación respecto da cuestión exposta no referente ao cumprimento dos requisitos da letra d) do artigo 8. Catro ao tratarse dunha remisión por incorporación da normativa estatal.

Por outra banda, o requisito da letra f) do artigo 8. Catro do TRTCG obriga á persoa adquirente a manter o ben obtido, e non meramente o seu valor, durante os cinco anos seguintes á devindicación do imposto, e debe cumprir os requisitos da exención do imposto sobre o patrimonio durante o mesmo prazo. Iso implica que durante dito período de permanencia non poden realizarse actos de disposición respecto das

participacións sociais adquiridas, coa excepción prevista referida ás transmisións mortis causa.

Esta contestación realízase conforme á información proporcionada por vostede, sen ter en conta outras circunstancias non mencionadas, que puidesen ter relevancia na operación proxectada. A autoliquidación que a estes efectos se presente poderá ser obxecto de comprobación administrativa e teranse en conta a totalidade das circunstancias previas, simultáneas e posteriores concorrente na operación realizada.

O que lle comunico a vostede con efectos vinculantes, conforme ao disposto no apartado 1 do artigo 89 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.